

Lume e cinzas dos 20

XOSÉ ANTONIO LÓPEZ SILVA



Aceleración de modas na que vivimos afecta tamén ao mundo editorial. Un mes despois de estrearse a nova versión cinematográfica da novela de Scott Fitzgerald, *O gran Gatsby* (1925) os restos da súa promoción en centros comerciais e librerías xa están demodè. Contemplo a novela “actualizada” por Alfaguara cunha imaxe do filme como cuberta. Qué mal envellecen estes intentos de subirse ao carro do éxito cinematográfico ou televisivo de turno. En Italia os libeiros negáronse a vender a edición de *O Gran Gatsby* coa portada da película de Baz Luhrmann e boicotaron á editorial que masivamente enviou exemplares así impresos para inundar todos os mostradores de novidades.

Con todo, a Di Caprio e a Luhrmann hai que agradecerlles que teñamos interesantes novidades en torno a Scott Fitzgerald. Isto xa comezou hai uns anos coa publicación da interesantísima correspondencia, agora reeditada, entre Scott e Zelda, a súa esposa, *Querido Scott, querida Zelda* (Lumen, 2013), que debe ser completada coas *Cartas de amor y de guerra* (Mondadori, 1994). Hai pouco a editorial Alpha Decay publicou a correspondencia entre Scott e a súa filla Scottie, *Cartas a mi hija* (2013, traducción de Albert Fuentes). As cartas son dunha calidade áspera e abraiante, de recomendable lectura. Amósannos unha visión moi interesante das luces e sombras da figura do pai, retratándose ao tempo que fuxe da lúcida mirada dunha filla adolescente que empeza a darse conta de

“ En Italia os libeiros negáronse a vender a edición de “O Gran Gatsby” coa portada da película de Baz Luhrmann e boicotaron á editorial que masivamente enviou exemplares así impresos para inundar os mostradores de novidades

moitas cousas. O glamour esconde cadáveres. Iso semella moi axeitado non só para Scott Fitzgerald senón aínda máis para a súa muller, Zelda Sayre, e os coqueteos de ambos coa autodestrución. Durante vinte anos, de 1920 ata a morte de Scott, a súa relación foi tormentosa e derivou en conflitos variados, provocados polas personalidades e desequilibrios de ambos.

Podemos achegarnos á biografía de Zelda a través da iconoclasta novela gráfica italiana *Superzelda* (451editores, 2012) O libro resulta interesante es está ben construído, pero quizá sexa demasiado denso para o seu xénero. Quen desexe achegarse á propia Zelda debe ler os seus contos, tanto ou máis excelentes que os do seu home, publicados por RBA, no tomo conxunto *Pizcas de paraíso* (2008).


Zelda escribiu unha novela, traducida hai pouco ao castelán: *Resérvame el vals* (Román y Bueno Editores, 2012). Foi escrita a instigación dos médicos do hospital Philips de Baltimore, onde ingresou en 1930. Alí diagnosticáronlle esquizofrenia. O libro provocou os ciumes e a envexa dun Scott que nese momento estaba a escribir *Tender is the night*, no que incluíu pasaxes do da súa muller. A violencia soterrada desa relación ten sido explorada na recentísima *Call me Zelda*, (Penguin, 2013). A súa au-



A divina Zelda

tora, Erica Robuck, noveliza o triángulo entre a propia Zelda, Scott e o doutor Adolf Meyer. Non é a única novidade americana sobre Zelda. Máis convencional resulta *Z, de Therese Anne Fowler*, deudora do clásico de Nancy Milford, *Zelda: A Biography*, (Harper & Row, 1970), e da francesa *Alabama Song* de Giles Leroy, premio Goncourt de novela en 2007. De todos os xeitos, a novidade de maior calidade literaria aínda non dispoñible en castelán é *Beautiful Fools: The Last Affair of Zelda and Scott Fitzgerald* (Overlook Press, 2013), de R. Clifton Spargo. Spargo céntrase nun breve periodo de tempo, en 1939, cando ambos tentaron unha viaxe a Cuba para rescatar o seu matrimonio, ou mellor dito, rescatarse a si mesmos. Tal vez sexa unha boa excusa para adentrarnos na vida doutras mulleres da chamada Xeración Perdiada, como a descoñecida Hadley Richardson, a primeira muller de Hemingway, en *Ms Hemingway en París* de Paula McLain (Alianza, 2012). Ese París fascinante donde nun periodo de tempo convivió o máis granado da literatura norteamericana e boa parte da inglesa. No vindeiro outubro aparecerá en EEUU *Guests on earth*, a narración

dos últimos días de Zelda a cargo de Lauren Lee Smith. Zelda faleceu en 1948 nun incendio producido no no sanatorio psiquiátrico de Highland, en Asheville, Carolina do Norte. Estaba pechada nun cuarto á espera de que lle aplicaran electroschocs. Non quedou nada dela. Recoñeceróna grazas á unha zapatilla intacta baixo o seu corpo carbonizado. Unha metáfora. Os happy twenties, os felices vinte literalmente convertidos en cinzas.



Capa do volume de Alpha Decay